

1.- Presentación

O concepto de saúde evolucionou dende «a ausencia de enfermidade», ata «o equilibrio entre os factores físicos, psicolóxicos e sociais dun individuo e deste co entorno onde está inmerso». As drogas ou substancias que segundo a OMS introducidas no organismo vivo, poden modificar unha ou máis funcións de este, rompen sempre este equilibrio.

As razóns que poden conducir a unha drogodependencia son tan variadas como as persoas, non existe unha única causa senón unha serie de factores (persoais, sociais ou económicos) de risco, con múltiples variables que interactúan entre si dando unha maior propensión.

Na maioría dos casos o primeiro consumo dunha droga, tanto si é legal como ilegal, non é un acto anormal, asocial ou patolóxico, senón que o seu rasgo sobresaiante é a ausencia dunha decisión responsablemente asumida, poñendo no camiño novas condutas que poden derivar no abuso e a adicción. A prevención, polo tanto, pasará por múltiples fórmulas. Por exemplo, se axudamos aos xoves a desenvolver a capacidade de tomar decisións na situación de oferta, indirectamente conseguiremos a diminución da porcentaxe de experimentación con drogas e a frecuencia e cantidades de consumo. Noutros casos a axuda pasará por fomentar a independencia e a iniciativa dentro ou fora do seu grupo, ou por poñer ao seu alcance ilusións e experiencias, tan atractivas que consigan espertar o seu interese e participación.

A preocupación do educador debería vir sempre determinada polo diferente grao de problematización que os usos e abusos de drogas estean engadindo ao proceso educativo dos xoves (maduración, socialización, saúde....). Nembargantes, sabemos que en todos os terreos ninguén madura sen correr riscos; os sistemas de protección externa frean a autonomía e impiden o crecemento. Por elo, o mellor xeito de traballar a cuestión das drogas na adolescencia será educalos para a xestión dos riscos (reducir o seu atractivo, asocialos a comportamentos responsables, ceder aos de menor entidade para evitar que por reacción se internen nos máis graves). Riscos de toda índole, sen que a cuestión drogas sexa máis importante que o accidente de tráfico ou este último maior que o dunha experiencia amorosa despersoalizada.

O verdadeiro problema dos nosos adolescentes non é a droga en si, senón os valores que queren defender fronte a nosa sociedade. Somos conscentes de que vivimos un tempo non moi dado ás «utopías» nin aos grandes valores. Semella que renunciar ao senso ético e idealista é vivido como signo de modernidade e realismo. De feito a dependencia de calquera substancia ten o seu caldo de cultivo e a súa razón de ser no valeiro do ser humano.

Por todo elo, a intervención ten que ver coa importancia do esforzo para lograr algo que pague a pena, co xeito de encher o tempo valeiro, coa introducción de actividades enriquecedoras, coa construción



do futuro a partir de vivencias inmediatas, con actuacións destinadas a exercer os seus dereitos e a que se responsabilizen das súas accións, en definitiva coa «promoción da saúde» en xeral, entendida como a forma de vivir autónoma, solidaria e xubilosa.

O tema das drogas, así como outras cuestións, esixe estudos profundos. Analizalas dende perspectivas parciais é de certo xeito engrosar a columna de fume, aínda que o estudo e as medidas a tomar dentro do medio escolar pode que sexan o mellor camiño na prevención, creemos que o instrumento que aquí ofrecemos pode ser de utilidade, ofrecendo ao profesor unha forma de abordar a educación sobre drogas cunha metodoloxía sinxela e de eficacia contrastada.

Queda só engadir, que tanto a drogadicción como o fracaso escolar serán unhas veces signo de alarma e outras síntoma final do noso propio fracaso.

2.- Destinatarios

O tema asígnase á poboación xove de idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos, é dicir, Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) 2º Ciclo, Bacharelato e Formación Profesional Específica (F.P.E.).

3.- Obxectivos

a) Obxectivo Xeral

Sensibilizar á poboación destinataria da mellora que supón vivir a vida sen drogas, buscando alternativas positivas ás mesmas.

b) Obxectivos Específicos

- 1.- Desenrolar nos xoves unha actitude conscente e ceibe fronte ao consumo de drogas legais e ilegais.
- 2.- Estimular á xente xove a buscar información obxectiva e científica, para que eles mesmos podan determinar os seus sentimentos e actitudes fronte aos tóxicos.
- 3.- Desenvolver a comprensión de que o aumento do consumo de alcohol como bebida provocou maiores problemas na vida social, económica e nas relacións persoais.
- 4.- Desenvolver nos xoves o sentido da responsabilidade ante o propio benestar, así como o dos outros en relación co uso e abuso de substancias.
- 5.- Dotar aos adolescentes de recursos persoais para evitar situacións de risco e presións sociais que limitan a liberdade na toma de decisións.
- 6.- Saber valorar criticamente as mensaxes publicitarias de alcohol e tabaco.
- 7.- Por último, promocionar alternativas de lecer e tempo libre sáns e satisfactorias, para un mesmo e a colectividade social.

4.- Metodoloxía

Se ben debe ser o propio docente quen concrete o «cómo» e o «qué», en función da súa realidade e posibilidade de actuación, suxerimos a seguinte estrutura básica.

- a) Información e análise cinematográfico co propósito de axudar á comprensión do filme.
- b) Comentario e análise secuencial do argumento.
- c) Desglose do tema e profundización nel a través dos seguintes apartados:
 - Lectura de textos escollidos.
 - Argumentación xeral.
 - Debates dirixidos.
 - Dinámica de traballo en pequenos e/ou grandes grupos.
 - Cuestionamento de ideas establecidas e replantexamento de actitudes persoais.

5.- Ficha técnica e artística

Ficha técnica

Titulo orixinal:	THE SNAPPER
Nacionalidade:	GRAN BRETAÑA (1993)
Director:	STEPHEN FREARS
Producción:	LYNDA MILES
Guión:	RODDY DOYLE
Fotografía:	OLIVER STANLETON
Montaxe:	MICK AUDSLEY
Axudante de dirección:	MARTIN O'MALLEY
Localizacións:	JOHN MCDONNELL
Deseño de produción:	MARC GERAGHTY
Son:	KIERAN HORGA
Vestuario:	CONSOLATA BOYLE
Axudante de montaxe:	MARY FINLAY
Duración:	90 MINUTOS

Ficha artística

Kay	RYTH McCABE
Sharon	TINA KELLEGHER
Dessie	COLM MEANEY
Darren	COLM O'BYME
Craig	EANNA MACLIAM
Kimberley	CIARA DUFFY
Lisa	JOANNE GERRARD
Sonny	PETER ROWEN
Jackie	FIONNULA MURPHY
Mary	DEIRDRE O'BRIEN
Yvonne	KAREN WOODLEY
Georgev	PAT LAFFAN
Doris Burgess	VIRGINIA COLE
Pat Burgess	DENIS MENTON
Lester	BRENDON GLEESON
Berne	STUART DUINE
Paddy	RONAN WILMOT



6.- *Resumo do argumento*

Os plantexamentos como o de «O Cágado» teñen claras e obvias limitacións. Ao intentar retratar unha realidade cotián, a dramatización resulta bastante complicada e difícil e a banalidade é un risco constante que sempre axexa. Dende o punto de vista do director a dependencia do guión e sobre todo dos diálogos é case total -a miña mina de ouro eran as palabras de Roddy (o guionista)- lembra Frears, e tratándose de persoaxes que obviamente contan coa complicidade e a simpatía do realizador, facer un retrato complacente e condescendente cos seus protagonistas é un perigo permanente.

En «O Cágado» a familia Curley -o matrimonio e seis fillos dos cuais o maior está no Líbano coas forzas pacificadoras da ONU- vese avalada pola nova de que a filla maior, de vinte anos, está empenhada. Rápidamente superado o difícil trago, o centro de atención desprazase cara ao coñecemento de quen é o pai, algo que Sharon se nega a revelar e que logo atribúe a un mariñeiro español, mentres que as imaxes dixéronnos xa que é o froito do encontro fortuito nunha noite de borracheira con Gerge Burgess, pai da súa amiga Ivonne.

A película pretende narrar como Sharon trata de converter ese accidente desafortunado -repúgnalle o seu veciño Burgess, e únicamente a súa borracheira xunto coa urxencia inmediata dun home poden explicar o ocorrido- en algo positivo e de paso obrigal a que a súa familia teña que facer algo similar.

A mestura de elementos cómicos e trágicos nesta historia costumbrista é o que caracteriza a película á vez que é o máis logrado, así como a precisión no xeito de falar das persoaxes. Esceas como as conversacións de Sharon e as súas amigas no pub, difícilmente se viran nunha pantalla e a crueza no xeito de falar -mesmo entre rapazas xoves- reincidente nos plantexamentos doutros films de Frears.

Simplificando algo, pódese dicir que unha película destas características vale o que valen as súas persoaxes. Pois ben, os mellor definidos son sen dúbida Sharon e Dessie, o seu pai, excelentemente interpretados por Tina Kellegher -premio de interpretación de Valladolid, onde a película conseguiu a Espiga de Plata- e Colm Meany, respectivamente.

Castro, Antonio. Dirigido Nº22, Páx.77

7.- *Roddy Doyle (novelista)*

"Café Irlandés" está baseada na novela de Roddy Doyle «The Snapper», e forma parte da célebre triloxía «The Barrytown», integrada polo mencionado título e por «The Commitments» e «The Van». As tres novelas contan as desventuras dunha familia proletaria.

Nado en Dublín, en 1958, Doyle foi profesor de lingua inglesa e xeografía en Kilbarrack, o pobo que inspirou a súa novelística. Doyle iniciouse no mundo das letras como autor teatral coa obra «Brownbread», á que seguiu «War» (ambas representadas en Dublín). Máis tarde, pasaría a cultivar o xénero novelístico, un terreo no que non deixou de colleitar éxitos.

O 26 de outubro de 1993, Doyle foi galardoado no Guildhall, de Londres, co prestixioso Brooker Prize, que se otorga á mellor novela dentro do ámbito das letras anglosaxonas. A alta distinción recaiu sobre a súa obra «Paddy Clark, Ha, Ha, Ha», unha homenaxe dura, brutal e maravillosa á infancia de aquel rapaz de familia obreira que, en 1968, andaba na rúa polas barriadas do Barry Town dublinés. Naquela ocasión, a crítica Germaine Greer dixo acerca do libro: «É demasiado bon para participar no Brooker Prize. Góstame que ganara pero, por outra parte, moléstame, porque o premio quedaselle curto».

Doyle, que xa foi co-guionista da versión cinematográfica de «The Commitments» (realizada por Alan Parker), manifestou o seguinte en relación con "Café Irlandés": «Pensei que era mellor empezar de novo. Quixen obrigarme a traballar máis, non limitándome a transferir diálogos da miña novela ao guión, aínda que a totalidade da historia contida na novela -é unha novela curta- áchase asimesmo contida no guión; de feito, hai máis na película, a novela remata cando Sharon chega ao hospital. Con todo, algunhas partes -as que pusúfan un carácter máis introspectivo- foron eliminadas, ao igual que certas persoaxes secundarias e...ben, por dicilo todo, tamén hai algunha cara nova. En calquera caso, nada importante foi deixado de lado». «A novela -comenta Doyle- xa non posúe verdadeira forza nin ascendente moral sobre a clase obreira de Dublín, cada vez menos xente vai a misa, cada vez menos gente fai caso ao que di o cura. Sería unha enorme deshonestidade ocultar que isto é así».

8.- Stephen Frears: Filmografía

Cando se aludían aos antecedentes de Stephen Frears, éste sempre indicaba a importancia que, na súa formación como cineasta tiveron o maxisterio e a persoalidade dos cineastas integrantes da xeración do «free cinema» (novos cines dos sesenta máis preocupados pola transmisión da realidade da súa sociedade, e da loita coas diferentes censuras que limitan o campo do dicible). Frears empezou os seus estudos de Dereito en Cambridge nos primeiros anos sesenta e na propia universidade tivo a ocasión de tomar os seus primeiros contactos co teatro.

Hai que situar nos inicios da carreira de Frears a súa curtametraxe «The Burning» (1967), unha ficción futurista en Africa do Sul, no momento da revolución na que os negros se rebelan contra os brancos. O seu primeiro filme foi «Detective sen licencia» (1971), desenvólvese en Liverpool e centrábase na perspectiva que a cultura popular americana, e, máis especificamente, o cine e a novela negros podían ter de capacidade de atracción.

En 1979 realiza «Bloody Kids», sobre as bandas xuvenis do sul de Londres e en 1983 «Saigon: Year of the Cat», sobre unha relación amorosa co fondo bélico da guerra en Vietnam, rodada en Bangkok. E tamén nese mesmo ano filmaría «Loving Walter». En 1984 realiza un filme en España «The Hit» (A Vinganza), cúa trama céntrase no secuestro do que é obxecto un delator por dous homes a soldo de aqueles a quenes denunciou, e que deben levalo onde éstos poidan executar a súa vinganza.

«A miña fermosa lavandería» (1985) e «Sammy y Rosie se lo montan» (1987), exploran un Londres multirracial, auténtica Babel post-industrial, en descripcións dun ambiente sórdido. En «Abrete de orellas» (1986) presenta a unha persoaxe obsesionada polo éxito, sacrificando todo na procura desa ambición. En 1987 realiza a menos coñecida «Mr. Jolly lives next door».

Nos Estados Unidos realiza nos seguintes anos as super-produccións seguintes: «As amizades peligrasas» (1988), «Os Caloteiros» (1990), «Héroi por accidente» (1992). Tras o glamour de Hollywood surdiu «Café Irlandés», como un proxecto da cadea BBC, pero tras o éxito da súa presentación no Festival de Cannes, na quincena de Realizadores pasouse ao cine comercial, sendo galardonada co Premio do Público no Festival de Toronto.

9.- Contido

O visionado da película achéganos aos temas relacionados coa saúde e a prevención de drogodependencias, desenvoltos aquí para unha mellor comprensión en tres grandes apartados:

9.1.- Dependencia e Liberdade

9.2.- Uso e abuso de substancias

9.3.- Presión cara o consumo:

9.3.1.- Presión de grupo

9.3.1.- Presión social

9.1.- Dependencia e Liberdade

A dependencia é o eixo do problema, as drogas de seu só son produtos naturais ou sintéticos que existen e son considerados drogas, a partires da súa interacción co individuo.

O concepto de dependencia é máis amplo e non é algo que surxa de súpeto. A raíz da dependencia está no gosto de rebaixarse, de autodestruirse, de non querer expresar as propias capacidades, de non valorar as cualidades ata chegar ao punto de non deixarlhas ver nin a si mesmos. A persoa que en aparencia está satisfeita desta situación polas ventaxas secundarias, vive, non obstante, en medio dunha infinidade de equívocos e non logra acadar plena capacidade de expresión nin autonomía, nin identidade positiva.

Pero para decidir con liberdade, hai que descubrir o que queremos e a nosa identidade. Os adolescentes, especialmente, teñen dificultades para separarse dos demais. A súa actitude contestataria, o seu rexeitamento cara ao mundo dos adultos é unha vez máis, a dependencia deles. É precisamente

nestas primeiras raíces de dependencia emotiva e social onde se pode e se debe actuar, incitándolles a identificarse con eles mesmos, axudándolles a pensar o que lle vai mellor a cada un, e como consecuencia a aceptarse tal e como se é.

A verdadeira prevención ao nacemento das tóxicodependencias, ou outras dependencias da nosa sociedade (xogo, publicidade, moda...) nacerá ao tomar forma a idea de que cada un se sente libre cando adquire a súa propia identidade e cando consegue aceptarse e estar contento consigo mesmo. Só entón pode aspirarse a unha felicidade libre e auténtica e a unha vida sá.

Suxerencia de actividades

«Café Irlandés» nárranos a vida cotián dunha frenética familia proletaria con seis fillos e un can en continua axitación, que presentan, ao menos de xeito evidente nalgúns dos seus membros, unha dependencia ao alcohol. Encherse a xerras de cervexa é case unha constante durante todo o filme.

É algo evidente que na película, calquera excusa é boa para levarse un grolo a gorxa: beben para superar a impresión causada polo embarazo da filla (1), beben para celebrar o nacemento da nena....beben e beben continuamente. Beben grandes cantidades que inxiren do xeito máis natural.

(1)

Dessie: ¿Ves tomar unha copa, Sharon?

Sharon: Non, gracias papá.

Dessie: Veña, imos.

Sharon: Está ben.

Dessie: Boa rapaza, ¿E tú, Kay?

Kay: Non. Voume deitar.

Dessie: Eu iría contigo, pero teño o gorxa seca. ¡Deica logo, aboa!



■ En gran grupo, tentade elaborar unha relación que recolla todas as situacións de consumo de alcohol que se presentan na película. Posteriormente, buscade en grupos pequenos as causas polas que se orixina a inxesta de alcohol en cada unha delas e analízalas críticamente.

■ Extrapolade as situacións a nosa realidade aquí e agora: ¿Credes que se bebe do mesmo xeito e polas mesmas razóns no noso entorno que no da película?

■ Individualmente indica o grao de acordo (de maior a menor), coas seguintes razóns de consumo de drogas, para extraer conclusións en gran grupo:

1. Inseguridade.
2. Pouca capacidade de decisión.
3. Non saber resolver os propios problemas.
4. Presión do grupo.
5. Presión publicitaria.
6. Moda.
7. Apatía.
8. Desinformación.

■ O grupo da película utiliza o alcohol como un instrumento para evitar enfrentarse aos problemas, dificultades, contrariedades, e á vez orixinalles unha serie de importantes consecuencias negativas: ¿Cáles cres que son? (2).

(2)

George: ¿Estás ben, Sharon?

Sharon: ¡Un home!

Sharon: ¿Es ti quen fai ese ruído?

George: Non...

George: Foi de primeira. Boa rapaza

Sharon: ¿Quén era ese?

■ En pequenos grupos, analizade e extraede conclusións relativas ás seguintes situacións:

- Cando Sharon, estando empenhada, chega a casa bebeda, o seu pai ao día seguinte fai unha referencia graciosa á resaca da súa filla, sen máis.

- Cando o irmán adolescente de Sharon vomita sobre a pia de louza para fregar, tamén o toman a broma (3).

(3)

Dessie: Non se irá, Kay, xa verás. E, ti, cretino, vas lavar os pratos cando termines.

■ Fai un listado de consecuencias persoais, sociais...xeradas por calquera tipo de dependencia.

■ Pensa nun día calquera. Selecciona decisións ás que te enfrontas/ ¿Por que fixeches tal ou cal cousa?/ ¿Afectache o non poder decidirte?/ ¿Arrepentícheste algunha vez dunha decisión adoptada?/ ¿Existe algo que non esteas disposto a facer de ningún xeito, pero que acostuman facer os que te rodean?/ Sharon, por exemplo, decide ter ao seu fillo. ¿Por que cres que o fai?

«O sentirse a gusto cun mesmo, é a condición necesaria para relacionarse con outros»

Erich Fromm (Ética e psicoanálise)

■ Estás de acordo coa frase de Fromm/ ¿Por qué?/ ¿Qué cualidades cres que tes?/ Descobre as diferencias entre compañeiros.

9.2.- Uso e abuso de substancias

Non todo usuario dunha droga legal ou ilegal é un dependente, a adicción é un longo proceso distinto para cada droga e incluso diferente según que individuo, e no caso dun mesmo individuo tamén varía según os grupos culturais e xeneracionais.

Non existen relacións simples de causa e efecto, ao contrario debemos sinalar múltiples factores individuais, familiares e sociais que inflúen en diferentes graos según os casos. Haberá abuso de drogas cando exista unha disfunción psicolóxica ou social demostrable en calquera individuo, e que poda relacionarse casualmente co uso de droga xa sexa de modo agudo ou crónico.

O consumo de alcohol, tabaco ou psicofármacos, drogas de uso legal e socialmente aceptadas pode pasar ata desapercibido, non considerando ao gran consumidor drogodependente tal e como se identifica coas outras drogas. Nembargantes, o tabaco como droga enmascarada é, despois do alcohol, a substancia que máis perxucios causa a nosa sociedade. O 48% da poboación española clasifícase fumadora habitual, e o número de mortos imputables no noso país de forma directa ao tabaco é de arredor de 10.000 persoas ao ano.

Os «psicofármacos», instrumentos efectivos para preservar a saúde, utilízanse como artigos de consumo nunha quinta parte da poboación producindo efectos moi negativos a nivel de saúde pública.

O «alcohol» é a droga cuxo consumo abusivo aumenta de forma alarmante entre a poboación xove, sobre todo os fins de semana. O estudo sobre os escolares ante a saúde, realizado no ano 1990 (Mendoza e outros, 1992) entre estudantes de 6º e 8º de EXB, 2º de BUP e 2º de FP de toda España revela que aos 15 anos o 96% dos rapaces e o 90% das rapazas consumiron algunha vez unha ou varias bebidas alcohólicas. Chegaron a emborracharse o 30% do conxunto dos encuestados, cunha minoría de rapaces que non o fixeron en 2º de BUP e FP (44% e 36%) e de rapazas en FP (48%). Durante décadas o consumo tradicional de alcohol en España foi diario, exclusivo dos homes, cun gran componente social, moi unido ás comidas e protagonizado polo viño, e, á marxe, un número constante de alcohólicos difícil de reinsertar.

Hoxe para os xoves beber é unha moda, pero unha moda sen mitos. Beben intermitentemente e sen diferenza de sexos, buscando a intoxicación rápida. Centran a súa inxestión os fins de semana, bebendo en grupo para divertirse e ser aceptado.

É un xeito distinto de beber que marcou á xuventude dende a segunda metade da década dos oitenta, e que en poucos anos engrosará a fila dos alcohólicos deste país (uns catro millóns de persoas fronte a uns 300.000 toxicómanos) cunhas 50.000 persoas máis cada ano.

A inversión en alcohol da xente xove aumenta e a oferta de bebidas baratas e cócteles explosivos non deixa de medrar. A postura dos xoves según D. Comas (Director de Axuda aos toxicómanos da Cruz

Vermella) é moi cómoda, o alcohol de fin de semana permítelles transgredir as normas sen correr riscos, o xove «ponse ben» sen control, sen romper a orde social nin familiar. Son aparentemente inadaptados pero no fondo incrustados na sociedade, de feito, a súa cultura, roupa, currunchos de reunión son os mesmos que os dos abstemios ou os deportistas, por exemplo.

O xove debe comprender dende que é un neno, que non é necesario beber para converterse en adulto. A cuestión é como encher o tempo de todo un colectivo de persoas que cada vez teñen máis cultura, máis diñeiro, están máis desinhibidos e non lles causa cargo de conciencia emborracharse.

Jesús Rodríguez.
(El País N°138, 1993)



Suxerencia de actividades

«¿Acaso, por exemplo, é posible vender hoxe un xeito de divertirse que non sexa sobre a base de beber e consumir? ¿Cáles son os pilares fundamentais dominantes para un bon fin de semana? ¿É dissociable un bon concerto de rock, ou ir a un bar musical ou á discoteca, de tomar algo, algo que axude a atoparse ben nese contexto?»

Coa diversidade intrínseca a cada adolescencia, consumir, gastar, tomar algunha substancia parecen ter pasado a ser variables definidoras do espazo de diversión. Cos estilos e os matices de cada grupo, as diferentes culturas do consumo adolescente parecen definitivamente asentadas na «cultura do coloke». Unha cultura adolescente centrada na idea de que é mellor ese estado semidistorsionado, dunha certa ebriedade, dun certo "coloke", que o da normalidade sen os efectos dalgunha substancia. Unha cultura que busca o colocarse como estado desexable, como situación máis apetecible.

Divertirse pasa así por "colocarse", e se un non se coloca non se divierte. Algúns conseguirán situar ese enfoque nas actividades de diversión ou de fin de semana, claramente separadas das súas outras actividades. Outros encherán a maioría do seu tempo coa aspiración permanente a estar colocados. Algúns incluso renunciarán voluntariamente á sobriedade para non percibir a realidade de problemas que lles envolve.»

Jaume Funes, «Nós, os adolescentes e as drogas»

■ Tras leer o texto anterior organizade un debate:

- ¿É posible divertirse sen beber nin consumir?
- ¿Cáles son os ingredientes fundamentais para un bon fin de semana?



- ¿Pódese separar un concerto de rock ou ir a unha discoteca de tomar algo que axude a atoparse ben nese ambiente?
- ¿No teu municipio existen discotecas sen alcohol?
- ¿Soes acudir?/ ¿Parécenche unha alternativa ou só son para críos?
- ¿Coñeces algunha canción que faga alusión a drogas, alcohol ou consumo dos mesmos?/ ¿Que sentido lle ves a que se organicen concertos contra a droga?

■ Na película, Sharon, aos seus vinte anos, quédase empenhada dun individuo ao que, estando sobria, nin siquera miraría (4).

(4)

George: Sharon, por favor, déixame terminar.

Sharon: Non. Non irei a ningunha parte con Vde., Sr. Burgess, quedome aquí, e de todos xeitos, non é seu.

George: ¿É porque son maior ca ti?

Sharon: É porque odio ata verte.

George: Non o dirás en serio.

Sharon: Si. Odiote. ¿Queres que cho cante?

George: ¿E que hai do meniño?

Sharon: Esquece ao meniño. Para que o sepas, non diches no blanco

George: ¡Diso nada!

Sharon: Pois si. Así que xa sabes. De todos xeitos, foi un mariñeiro español, para que o sepas!

George: ¡Español!

Sharon: Déitome con quen quero. Sr. Burgess. ¿Entende?

George: Non mo podo creer.

Sharon: Volte a casa. Sr. Burgess. Volte a casa.

George: ¡Oh non! ¡Sharon, por favor!

Sharon: Pare xa, se non quere que lle deixe todavía máis en ridículo. Volte a casa.

George: Ben, dacordo. Será o noso segredo, Sharon. Sempre te lembrarei, Sharon.

■ Tras leer o texto seguinte, e baseándovos na vosa experiencia ou no que vedes habitualmente ao redor, expresade o voso grao de acordo e os aspectos que máis vos chamen a atención. Extraede conclusións:

«Hoxe imos centrarnos en estudar se é efectivo o alcohol como medio para tratar de resolver problemas de inseguridade e de timidez á hora dun posible encontro sexual. O pretendido vínculo entre alcohol e sexualidade non é novo. Frecuentemente recurriuse a tomar unha copa «para coller forzas» e envalentonarse nas primeiras fases dun ligue. E isto ocorre especialmente en persoas tímidas, non moi sobradas de habilidades sociais.

A tal copa tería como obxectivo servir de tonificante, desinhibidor, e dar forzas para atreverse a dar o primeiro paso no que os zoólogos chaman «pautas de cortexo».

Unha cultura sexual primaria e represiva levou a crear individuos inseguros e tímidos, con dificultades para expresar os seus sentimentos e desexos sexuais. Persoas que pensan que terán que recurrir a algunha axuda exterior para vencer a súa timidez.

Agora ben, ¿é certo que o alcohol e as drogas teñen un efecto desinhibidor e estimulante para a conducta sexual? Unha copa pode actuar como vasodilatador e darnos unha sensación de euforia e de maior locuacidade. Parece que as palabras saenos con máis facilidade. Iso envalentónanos e parécenos que nos da unha certa seguridade.

Se a cosa queda ahí non ten maior importancia. Nembargantes, é frecuente que, animados por esta pequena dose de euforia, consideremos que non nos viría mal outra dose suplementaria: cada un a estira ao seu gosto.

Ata hoxe éste é un fenómeno que se da tipicamente nos varóns. O varón asignouse a si mesmo o papel de conquista; conquista afectiva e sexual. El debe levar a iniciativa, achegarse, dar os

primeiros pasos e propostas. Isto esperta, naturalmente, non pouca ansiedade. Medo a facelo torpemente, a ser rexeitado.

E medo tamén, no caso de ser aceptado, a non estar á altura das circunstancias. E suponse (aínda non se entende moi ben porqué) que o alcohol axudará a superar as dificultades.

En todo caso, empézase a observar conductas similares nas mozas. Unha certa presión social para non ser «unha estreita», senón máis ben «unha loba», lévalle a máis dunha a cargar primeiro as súas baterías



para poder estar a ton do que dela se agarda.....

¿Pero non dicíamos que o alcohol desinhibe e entona? Pois non parece. E é que o alcohol é un depresor do sistema nervioso central. E polo tanto dificulta o proceso neurolóxico da excitación sexual. Shakespeare dixo (en MacBeth) que o alcohol «provoca o desexo e alonxa o comportamento».

No varón dificulta a erección; na muller reduce a lubricación. Nambos dificulta o logro do orgasmo. ¡Pois vaia choio!

L. Elberdi, Askabide, Egin, Xullo 1993.

9.3.- Presión cara ao consumo

A droga é na realidade tan fea e tan destructiva que só pode aparecer disfrazada. Coa mentira, convértese a enfermidade en saúde, a escravitude en liberdade e a falta de control en creatividade. Son as «falsas» conquistas da droga que se nos queren vender envoltas nun atractivo atuendo.

A presión cara ao consumo de drogas, que exerce nun individuo o entorno (grupalo, social) no que está inmerso, pode ser un dos factores desencadenantes de situacións de consumo de drogas.

9.3.1.- Presión de grupo

Sabemos que non hai adolescente sen grupo, con el comparte problemas, vivencias, papeis, ensaia idéntidades, busca afinidades...Isto produce fortísimos sentimentos de identificación que deixan ao xove indefenso fronte ás tendencias predominantes do grupo. Pode que todo vaia ben e sexa simplemente o que sempre foi, un certo alonxamento dos pais, nalgunha medida necesario. Pode ser tamén, a ocasión para caer no pasotismo, a inhibición e a marxinalidade.

Como outras, a maior parte das condutas de uso de drogas, son condutas de grupo, teñen que ver coa «pertenza» ou «exclusión» dun grupo. Os que en principio non as proban son tachados de persoas que non están abertas á realidade, retrógradas e atrasadas, co que enseguida abandonan esta postura e inicianse para non verse aillados. Necesítase moita persoalidade e un entorno onde un se poida sentir arroupado, para non deixarse levar por esa corrente.

Hai que ter en conta o xeito no que se producen as situacións de oferta e presión cara o consumo, xa que no inicio da drogadicción a figura do camello non é determinante, senón que en xeral, é dentro do desenrolo da vida cotián dos individuos (amigos, festas, saidas..), onde se inician. Polo cal, resultan pouco recoñecibles como ofertas de consumo, ante os ollos dos xoves.

Suxerencia de actividades

Na película beben pai e filla de forma similar. Ela coas amigas na discoteca (5), de xeito similar a cómo se fai aquí, non é frecuente ver a xoves bebendo en solitario nos bares ou en casa. El cos amigos (nalgunha ocasión só) nun pub (6). En casa non consumen.



(5)

Sharon: ¡Estou moñá!

Jackie: Eu, tamén.

Sharon: Non tería que estar facendo isto.

Jackie: ¿Qué?

Sharon: Beber.

Jackie: Non sexas parva, Sharon. Necesitas emborracharte de cando en vez. Non é malo.

Sharon: Voume marear.

(6)

Dessie: ¡Por Deus, Kay! ¡Ese fillo de puta é máis vello ca min! ¡George Burgess! Xa nunca máis poderei ir tomar unha caña.

■ Realizade unha enquisa na aula que responda aos seguintes ítems, para extraer posteriormente conclusións.

...Bebo alcohol só na casa

...Bebo alcohol só no bar

...Bebo alcohol na casa coa familia

...Bebo alcohol fora cos amigos

...Non bebo

O grupo de amigas está formado por catro compañeiras; na estrutura grupal: ¿Qué papel interpreta cada unha? ¿Existe relación de amizade entre Sharon e Ivonne, ou entre Sharon e Jackie, ou Mary e Ivonne...? ¿Son realmente, as relacións entre elas, intensas? ¿Son verdadeiras amigas?

No voso grupo de amigos. ¿Existen os diferentes roles: o lider, o disidente...? ¿Cómo se toman os acordos? Algunhas veces, ¿alguén preferiría facer outras cousas, pero adáptase ao desexo da maioría? ¿Que pasaría se ningún quixera ceder? ¿Pódese ser libre no grupo, ¿en qué cousas? ¿Cáles credes que son as condicións que debe reunir un grupo para consideralo realmente amigo?

■ Os Abstemios ou os que non consumen ningún tipo de drogas, son numerosos e tamén aducen razóns para non beber ou para non consumir outras drogas. En pequenos grupos para despois realizar unha posta en común, estableced unha selección destas causas.

Moitas veces escoitamos xustificar os consumos de persoas ás que en principio non lles apetece drogarse, aludindo á presión que o seu grupo, a súa pandilla, exerce cara ao "coloque". «Se non bebes trátante como a un bicho raro», «chámante crío».

■ Fagamos un entrenamiento para «DICIR NON» á oferta de consumo de drogas (legal ou ilegal), sen que para elo teñamos que romper co noso grupo de amigos:

Dous voluntarios saen ao centro da aula para realizar unha representación. Un tentará que o outro tome unha cervexa que lle ofrece, mentres que éste vai dicir Non. Tanto o que ofrece como o que rexeita, teñen que xustificar con razóns de peso a súa postura sen chegar a unha bronca que enturbie a relación. O resto da aula tras a representación, completará con as súas suxerencias as razóns de resistencia á oferta. Comentade as impresións máis sobresaíntes. ¿Son situacións reais?, ¿Atopádevos as veces así, «como bichos raros», véndovos obrigados a consumir?, ¿Cómo vos sentístedes os «raros» na dramatización?

9.3.2.- Presión social

O consumo de drogas está determinado pola disponibilidad, o estado legal e o prezo. En España o tabaco, o alcohol e os medicamentos están ao alcance de toda a poboación, incluídos os nenos, que poden atopalos na súa propia casa. Tamén resulta fácil a consecución das drogas ilegais, aínda que o seu comercio se faga clandestinamente.

Como axente inductor, aparte dos camellos, existen outras formas de presión social máis fortes: «a publicidade», os anuncios de alcohol, tabaco e medicamentos tenden ao aumento dos mesmos e non só a informar da existencia de novos produtos. Esta publicidade ven apoiada polos costumes exis-

tentes na nosa sociedade e pola forma en que os medios de comunicación social abordan o tema. En xeral, en lugar de explicar as razóns profundas do problema, oríéntano cara a causas ficticias, solucións parciais ou presentan só un aspecto da cuestión, deixando de lado os máis importantes, mantendo case sempre tópicos falsos sobre as drogas.

As drogas ilegais dispoñen de mecanismos análogos de coacción social no seno da chamada «contracultura». Numerosas publicacións, películas, discos..., incitan con frecuencia de forma directa ou indirecta, ao consumo das drogas ilegais.

Todo o sistema social coas súas deficiencias e carencias, pendente máis da produción e o consumo que da humanización das realidades humanas, é determinante no consumo de drogas. Ante esta posibilidade, é necesario atopar alternativas posibles de entre todas as actividades e oportunidades que ofrece a vida, buscar e marcar obxectivos que axuden a superarse, sabendo que en toda acción de vida existen riscos pero que hai que saber enfrontarse con aqueles que son ineludibles, alonxándose sempre dos que son innecesarios.

Nembargantes, no noso entorno cercano, temos condicións, medios, certa capacidade de manobra para rentabilizar e poder actuar como freo a procesos de desintegración social. Correspóndenos a «todos» colaborar no seu máximo desenvolvemento, actuar así, é a mellor prevención ao consumo de drogas.

Suxerencia de actividades

«A publicidade está totalmente orientada cara os xoves. A mensaxe é agora unha mestura de deporte, risco e xuventude».

E. García Matilla

«Recentemente aprobouse polo Congreso unha lei de Publicidade (que entrou en vigor en novembro do 88), pola que se prohíbe a publicidade do tabaco e as bebidas alcohólicas en televisión. A prohibición de bebidas alcanza a aquelas que superen os 20 graos de alcohol. Polo tanto, quedan ao marxen da prohibición o viño, a cervexa, o vermuth, a sidra, o cava, a crema de whisky...É dicir, suficiente gama de produtos todavía como para seguir alcoholizándose ao gusto de cada cual. Ademais, non nos enganemos, isto do límite dos 20 graos ten truco.

O truco está en que se prohíbe o produto (coñac, xinebra, whisky...) pero non a marca (Terry, J.B., Osborne, Larios...). Ocorre entón como cun spot publicitario de Osborne, que plantan o toro e a botella, pero sen mencionar se contén viño de Xerez ou coñac. Logo se trata de xogar ás adiviñas. A solución está en seguir o camiño dos Osborne, contar con produtos de igual o menos de 20 graos e anunciar a marca, así se matan dous páxaros dun tiro».

Márquez, I.; Gurrutxaga, F.; Barrios, L. "As drogas en Euskadi. O dominio da hipocresía"

■ Realízade unha análise publicitaria dos anuncios de tabaco, alcohol e medicamentos que aparecen na prensa diaria, T.V., cine, revistas, radio, vallas, roupa etc:

¿Que mecanismos utiliza o anuncio para chamar a atención (color, forma, erotismo...)? ¿Que sensacións suxire? ¿O lema central é real? ¿Detecta nalgún anuncio aquilo que non se di? (Por exemplo, no caso do alcohol, non aparecen representados nos anuncios os riscos de beber: os efectos físicos a corto e longo prazo sobre a saúde, o perigo de conducir bébedo...)

O grupo de amigas da película aparece en numerosas ocasións co pub como escenario central, divírtense «colocándose» (7), esquecéndose de todo.

(7)

Mary: En serio, Sharon, ¿de verdade que non lle coñecemos?

Sharon: Non. Xuroo por Deus.

Yvonne: ¿E ónde fixéstedes...?



Sharon: Mira, non quero falar máis disto, ¿vale?

Jackie: Vamos a emborracharnos, ¿daccordo?

Sharon: Iso.

¿Qué soedes facer na vosa pandilla? ¿Ónde vos xuntades? ¿Pasádevolo ben?.

¿Pódese facer para divertirse algo aparte de ir a bares? ¿Só se pasa ben de noite? ¿Qué alternativas de lecer e tempo libre tedes? ¿As prácticas? ¿Por qué?.

■ Debatide e elaborade en grupo unha posible lista de carencias de lecer. A partires dunha síntese das propostas presentadas, organizadeas por orde de prioridade e materializade por escrito as demandas aos organismos correspondentes (Centro escolar, Concello...).

10.- Filmografía

Establecemos aquí unha relación breve de varias longametraxes que abordan temas complementarios ou iguais aos tratados en «Café Irlandés». Se ben, o noso consello é que antes de propoñer aos alumnos o visionado de calquera destas películas se visionen en privado para asegurarse da súa idoneidade.

a) sobre drogas e xeracións:

- Easy Rider (Dennis Hooper, USA, 1969)
- Cowboy de medianoite (J. Schlesinger, USA, 1969)
- Eu, Cristina F. (Ulrich Edel, RFA, 1981)
- A lei da rúa (F. Ford Coppola, USA, 1984)
- Sid e Nancy (Alex Cox, GB, 1986)
- Drugstore Cowboy (Gus Van Sant, USA, 1989)
- Os rapaces do barrio (J. Singleton, USA, 1991)

b) sobre o alcohol como elemento de socialización:

- St. Elmo punto de encontro (Joel Schumacher, USA, 1985)
- Seducir a Raquel (Damian Harris, GB, 1989)
- Amo tu cama rica (Emilio M. Lázaro, ESP, 1991)

c) sobre a adicción ao alcohol:

- Días sen pegada (Billy Wilder, USA, 1945)
- Días de viño e rosas (Blake Edwards, USA, 1963)
- Cando un home ama a unha muller (L. Mandoki, USA, 1994)

d) sobre a adicción á heroína:

- O home do brazo de ouro (Otto Preminger, USA, 1955)
- Deprisa, deprisa (Carlos Saura, ESP-FRA, 1980)
- El pico (Eloy de la Iglesia, ESP, 1983)
- 27 horas (Moncho Armendariz, ESP, 1986)

e) sobre o tráfico de drogas:

- Os violentos anos 20 (Raoul Walsh, USA, 1939)
- O prezo do poder (Brian de Palma, USA, 1983)
- O clan dos irlandeses (Phil Joanou, USA, 1990)
- New Yack City (Mario Van Peebles, USA, 1991)
- Fresh (Boaz Yakin, USA, 1994)